

Memoria da asistencia á
Conferencia Internacional de
Software Libre 3.0
Badaxoz 2007

Carlos Rodríguez García

(presidente de GALPon)

capri99@gmail.com

17 Maio 2007

Táboa de contidos

1. Descrición.....	3
2. Obxectivos.....	3
3. Actividades desenvolvidas.....	3
3.1. Visita ao “Nuevo Centro del Conocimiento de Badajoz – Casa de la Mujer”....	3
3.2. Asistencia á conferencia “Servicios para empresas basados en Software Libre. La oficina libre”.....	6
3.3. Asistencia á conferencia “Proyecto OLPC. Un niño, un ordenador”.....	11
3.4. Asistencia ao “Demo-taller de Delvj: procesando y mezclando vídeo en tiempo real”.....	12
3.5. Asistencia ao “Taller: Edición de vídeo baixo Linux”.....	12
3.6. Asistencia á conferencia “El software libre en las políticas públicas en España”.....	13
3.7. Asistencia á “Entrega del I Premio Internacional Extremadura de Conocimiento Libre”.....	14
3.8. Asistencia á xornada de traballo “IDABC OSS Event 2007”.....	14
3.9. Asistencia no stand dos grupos galegos de Software Libre.....	15
4. Orzamento liquidado.....	16

1. **Descrición**

Título: "Conferencia Internacional de Software Libre 3.0"

Lugar: Badaxoz (Extremadura)

Data: 7 – 9 de Febreiro de 2007

Asistente: Carlos Rodríguez García (Presidente de GALPon)

Observacións: Viaxe realizada en vehículo de aluguer. O orzamento liquidado fai referencia aos gastos por persoa durante os 5 días da viaxe, dende o día 6 ata o día 10 de Febreiro (ambos inclusive).

2. **Obxectivos**

- coñecer a metodoloxía de traballo dos "Nuevos Centros del Conocimiento" de Extremadura
- difundir as actividades dos grupos galegos e de Mancomun.org
- coñecer os programas empregados para traballo multimedia, educación infantil e servizos profesionais para empresas baseados en Software Libre.

3. **Actividades desenvolvidas**

3.1. **Visita ao "Nuevo Centro del Conocimiento de Badajoz – Casa de la Mujer"**

Estes centros pertencen á *Consejería de Infraestructuras y Desarrollo Tecnológico da Junta de Extremadura* e atópanse dentro do *Plan de Alfabetización Tecnológica y Software Libre de Extremadura*.

En cada pobo hai un centro e en cada centro contan cun ou dous responsables que son os que realizan as actividades. A metodoloxía de traballo baséase principalmente en contactar cos colectivos (amas de casa, inmigrantes, 3ª idade, etc) cos que se concertan os horarios e detectan cales son as súas necesidades para poder adaptar os contidos. Este punto é moi importante para que os colectivos se sintan motivados xa que unha das premisas que empregan estes centros é que as TIC deben solucionar as súas necesidades e cada asociación tenas diferentes. Outro aspecto a destacar é que os colectivos deben ser máis ou menos homoxéneos para que ninguén poida sentirse desprazado.

Estes responsables de centro reúnen periodicamente cos coordinadores de zona para intercambiar impresións e avaliar as actividades desenvolvidas. Ademais, unha vez o ano reúnen todos os responsables e coordinadores de Extremadura para facer o plan de actividades a desenvolver durante o ano tomando como referencia o período pasado e aportando melloras ou novas iniciativas.

Como exemplo das actividades con amas de casa, ensinábanlles a buscar receitas por Internet, intercambialas coas súas compañeiras de asociación ou mesmo difundir as súas a través da web¹.

Para o colectivo de inmigrantes, interesábanlles máis estar en contacto coa familia noutro país polo que tratábase de ensinarlles o emprego de correo electrónico, compartir fotos ou mesmo empregar a mensaxería instantánea.

O acceso ao centro é libre e gratuito sempre. Nas horas que hai actividades o acceso está limitado pola dispoñibilidade de equipos libres. Para non se converter nun *ciber*, o acceso a Internet permítese durante unha hora ó día aproximadamente

1 <http://www.nccextremadura.org>

(sen excesivo control por parte dos responsables) e calquera persoa que empregue os equipos debe rexistrase e darse de alta no centro. Pódense utilizar os medios dispoñibles no centro coma a impresora, cámara de videoconferencia, cámara dixital de fotos, etc. só para as actividades desenvolvidas polos responsables.

O sistema operativo é GNU/Linux (en concreto *Linex*) e as ferramentas son na súa maioría Software Libre. O mantemento dos equipos é levado a cabo por unha empresa contratada pola *Consejería*.

Un dos obxectivos destes centros é conseguir motivar ás persoas para que participen e alimenten o proxecto cos seus contidos. Unha destas experiencias é o Periódico Dixital onde o interese por escribir algo do seu pobo, da súa rexión ou dalgún tema de preocupación social, permite aos responsables e coordinadores desenvolver un proxecto para todos os centros que difunde a cultura local e rexional, ofrecendo ao mesmo tempo a oportunidade, a todos os extremeños, de expresarse libremente, de ser os auténticos protagonistas de todo o proceso, dando a coñecer aqueles acontecementos e novas máis relevantes dos seus pobos e cidades.

Se recolleu moita información en libros e manuais:

a) *Guías Básicas de la Alfabetización Tecnológica de Extremadura*

- *Videoconferencia*
- *Alfabetización tecnológica itinerante*
- *Campanas extremeñas en la Red*
- *Álbum Fotográfico. Imágenes para el recuerdo*
- *Periódico digital NCC*

b) *II Manual de buenas prácticas*

- *Metodología de la Alfabetización Tecnológica de Extremadura*
- c) *DVD – 5 años de Alfabetización Tecnológica en Extremadura*
- d) *Descubre gnuLinEx. Guía para aquellas personas que deseen iniciarse en el uso práctico de gnuLinEx.*

Ademais establecéronse contactos con varios responsables de centros e coa coordinadora de Xestión do Proxecto de PAT y SL²

3.2. **Asistencia á conferencia “Servicios para empresas basados en Software Libre. La oficina libre”**

Nesta sesión explicouse cales son as necesidades que ten unha PEME no apartado das TIC e como poden empregarse ferramentas de Software Libre para cubrilas. Ademais fíxose un pequeno resumo das medidas a levar a cabo para facer unha migración exitosa de Software Privativo a Software Libre.

As necesidades que ten unha PEME son:

- a) **Autenticación dos usuarios/as**
 - a.1. **Única:** autenticase unha soa vez na sesión e permítese o acceso a todas as aplicacións sen terse que identificar outra vez.
 - a.2. **Centralización de contas:** ter unha mesma conta / contrasinal para todo. Pódese empregar o servizo de *LDAP* incluso coa posibilidade de integración co *Active Directory* (a través de *Samba* co *Net Vampire*)

b) Seguridade

Para poder cumprir coa LOPD³ as empresas teñen protexer os seus datos contra accesos non permitidos polo que poden empregarse diferentes ferramentas.

b.1. **Firewalls** coma o *Shorewall* que ademais permite darlle prioridade a outros servizos mediante *QoS*⁴ (calidade de servizo) coma a *VoIP*⁵ (Voz sobre IP), balancear a carga das liñas ou separar o tráfico por liñas.

b.2. **Detector de intrusións no host**, mediante programas coma *AIDE* (*Advanced Intrusion Detection Environment*) ou *Tripwire* que crean unha base de datos de firmas dos arquivos para ver se se modificaron sen permiso.

b.3. **Detector de intrusións na rede**, empregando o *Snort* e indicándolle que tipo de tráfico é normal e cal non. Colócase detrás do *Firewall*

b.4. **Redes Privadas Virtuais ou VPN**⁶, este tipo de redes créanse seguras sobre redes públicas coma Internet mediante autenticación e cifrado da comunicación.

c) **Acceso filtrado a Internet**, cun *proxy-cache* coma o *Squid* de xeito transparente, redireccionando todas as consultas do porto 80 ao 3128 (o porto do *Squid*). Ademais pódese filtrar por *url* e contido (incluso contra unha base

3 Ley Orgánica de Protección de Datos

4 Quality Of Service (en inglés)

5 Voice over IP (en inglés)

6 Virtual Private Network (en inglés)

de datos segundo usuario). Tamén pódense extraer estadísticas, facer balanceo de carga e priorización do tráfico.

d) **Telefonía**, empregando a plataforma *Asterisk* a través da *ToIP*⁷ (Telefonía sobre IP) puidendo ter contestador automático e sistemas interactivos de voz. Xunto con *Festival* permítese incluso a lectura automatizada de mensaxes de texto. Outras características son que discrimina as chamadas segundo sexan de faxes ou de voz.

e) **Correo electrónico** con acceso universal a través de *IMAP* ou *Webmail*, servizos de antivirus e antispam.

f) **Mensaxería instantánea**, co servizo *Jabber* permitindo a interconexión con outros servidores que empreguen o mesmo protocolo, cifrar o contido das conversacións, leer as contas dun servidor *LDAP* ou integrarse co *Asterisk*.

g) **Ferramentas de traballo en grupo**, por exemplo co *eGroupWare*, permite ter a axenda de contactos compartida, acceder dende diferentes clientes, compartir ficheiros e empregar unha política de seguridade baseada en grupos.

h) **Fax en rede**, co servidor *Hylafax* que pode enviar correos electrónicos, integrarse co *Asterisk* e mesmo empregar as especificacións *IAXModem* (módem por software).

h.1. Para **envío** dende o propio ordenador

7 Telephony over IP

h.2. Para **recepción** do fax en formato electrónico, en PDF⁸, TIFF, imprimilo ou envialo por correo electrónico.

i) **Software de xestión e ofimática**

i.1. **Software de xestión**, ERP⁹ (Planificación de Recursos Empresariais) coma o *Compiere* ou o *Openbravo*.

i.2. **Ofimática** coma o *OpenOffice*

j) **Organización de documentos**, co programa *Docmanager*, que lee os documentos para facer unha base de datos e podelos organizar. Incluso é posible pasarlle un OCR¹⁰ (recoñecemento óptico de caracteres) aos faxes e consideralos coma un texto máis.

k) **Centralización dos datos** para evitar problemas nas copias de seguridade. Estes datos poden ser tanto os ficheiros de traballo do persoal coma os perfís de usuario/a do sistema. A premisa a considerar sempre é que non debe haber nunca datos no equipo do persoal, senón no servidor central. O ideal é ter clientes lixeiros.

l) **Copias de seguridade**, empregando sistemas coma *Bacula* para copias de partes dun sistema ou mesmo do sistema completo, ou *Amanda* que fai copias de directorios compartidos na rede. Estas copias poden realizarse en varios soportes dependendo de varios factores. Para discos

8 Portable Document File (en inglés), estándar internacional de formato de ficheiro para intercambio de información

9 Enterprise Resource Planning (en inglés).

10 Optical Character Recognition (en inglés)

empregase *Dirvish* que é un sistema rápido e rotativo de copias de seguridade en rede.

m) **Alta dispoñibilidade dos servidores** (potentes e online 24 horas ao día e 365 días ao ano), mediante servizos coma o *Heartbeat* que controla a caída dun nodo (equipo en rede) e administra as comunicacións e o cluster nun só proceso. Xunto co *DRDB*, que é coma ter discos espello a través da rede, dispónse de ferramentas moi eficaces para ter alta dispoñibilidade.

n) **Virtualización de sistemas**, grazas ao sistema *Xen* permítese virtualizar calquera sistema sen ter que mercar un equipo novo. Hai núcleos nos que pódese meter varios sistemas dentro dun só servidor. Como consecuencia disto, permítese a migración entre nodos (equipos dunha mesma rede), é dicir, mover un sistema completo entre máquinas sen apagalas. Ademais pódese arrancalas e paralas instantaneamente en calquera momento como se se conxelaran.

Logo de explicar as alternativas de Software Libre que pode necesitar unha PEME, fíxose un esquema da estratexia a seguir para unha migración paulatina na empresa de Software Privativo a Software Libre:

- Infraestruturas invisibles:
 - *firewalls*
 - seguridade
 - servizos de rede
- Servidores de ficheiros
- Aplicacións de ofimática

- Programas multiplataforma
- Substitución do sistema operativo
- Finalmente, aqueles programas que non teñan posibilidade de migrar, poderanse empregar baixo ferramentas de emulación, *Terminal Server* ou no peor dos casos mediante a virtualización.

3.3. **Asistencia á conferencia “Proyecto OLPC¹¹. Un niño, un ordenador”**

Neste evento comentouse as características deste equipo. O máis salientable:

- Elimináronse custes grazas a que:
 - O 50% do prezo dun equipo é polo *packaging* e o *marketing* asociado a el.
 - Un 25% do equipo malgástase empregando un software malo ou non optimizado.
- Pesa tan só 1,100g.
- Dispón de Wi-Fi para interconectar os equipos e mesmo se routean entre eles.
- Non dispón de partes móbeis no seu interior polo que ten unha alta fiabilidade. A memoria é de tipo *flash* con 300MB para o sistema operativo baseado en GNU/Linux e 200MB para ficheiros. A potencia do procesador é de 300MHz
- Pode xirarse a pantalla para facer a labor de libro electrónico (*e-book*).
- Ten unha cámara de videoconferencia integrada

11 One Laptop Per Child (en inglés)

- Leva o software *Squeak* para que poidan aprender os rapaces e rapazas.

Logo da pequena introdución feita do *OLPC*, fíxose unha demostración das funcionalidades deste software onde todo pode ser modificable e empregado polo usuario para facer traballos multimedia ou contidos educativos. Sen lugar a dúbidas unha ferramenta moi potente. Máis información na súa páxina web¹².

3.4. **Asistencia ao “Demo-taller de Delvj: procesando y mezclando vídeo en tiempo real”**

DelVJ é un sistema para remisturado e composición de vídeo en tempo real. A demo consistía nunha sinal de vídeo que viña da cámara de videoconferencia que había na sala e co ordenador íanse misturando vídeos indicados polo usuario ao ritmo da música do *Xmms*. Mentres un dos poñentes explicaba os efectos, o seu compañeiro ía aplicando diferentes texturas, formas e tramas sobre a imaxe. Incluso figuras 3D en movemento feitas con Blender se podían incluír na maia de puntos sobre os que se modelaba o vídeo. DelVJ permite dende control exclusivamente humano ata a que se chama “sintonía cyborg” que está entre as habilidades exclusivas do humano e as da máquina para xerar algo que ningún dos dous podería facer por separado. Foi unha demostración moi espectacular e os requirimentos mínimos é ter unha tarxeta con aceleración 3D e outra de son.

3.5. **Asistencia ao “Taller: Edición de vídeo baixo Linux”**

O programa estrela desta sesión foi o *Cinelerra*, ideal para edición de vídeo offline no sistema operativo GNU/Linux. Comentouse as dúas versións existentes:

¹² <http://www.squeak.org/>

- Cinelerra: versión oficial mantida polo desenvolvedor principal aínda que sen as últimas novidades
- Cinelerra-CV (community version): é un *fork* da anterior versión que ofrece novidades e melloras máis rápidamente.

Non ten limitación técnica no número de pistas de audio ou vídeo para editar aínda que o punto máis feble son os efectos que se poden aplicar sobre as pistas.

A edición e montaxe final poden acadar un acabado moi profesional con pouco ou nada que envexar ao Software Privativo.

3.6. **Asistencia á conferencia “El software libre en las políticas públicas en España”**

Diferentes representantes dos gobernos autonómicos e mesmo de España explicaron as iniciativas que están a levar a cabo en materia de tecnoloxías da información e máis concretamente a prol do Software Libre.

Destácase a implicación importante de Extremadura e Andalucía. A Xunta de Galicia pola súa banda leva un pequeno atraso na súa implantación pero faina con paso firme e decidido a través da Consellería de Innovación e Industria e máis concretamente a Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información a través de Mancomun.org.

Por outra banda, o goberno español non toma posición clara a prol do Software Libre e mantén a discusión na definición do termo “neutralidade tecnolóxica” que provoca nos foros tecnolóxicos.

3.7. **Asistencia á “Entrega del I Premio Internacional Extremadura de Conocimiento Libre”**

O presidente da *Junta de Extremadura* foi o encargado de inaugurar a *Conferencia Internacional de Software Libre* este ano en Badaxoz, defendendo a postura do seu goberno de implicarse cada vez máis co desenvolvemento da Sociedade da Información potenciando o acceso libre e democrático dos extremeños ás Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Obxectivos tan importantes coma difundir a cultura local e rexional dende a participación e o compromiso colectivo dos cidadáns, capacitar á poboación extremeña no manexo e uso do software libre gnuLinEX ou implementar programas de formación e capacitación de técnicos, empresas e entidades en materia de Software Libre son metas que Extremadura está conseguindo cunha política firme e decidida.

O **I Premio Internacional Extremadura de Conocimiento Libre** non podería ir cara outra persoa que **Richard Stallman**, fundador da *Free Software Foundation* e impulsor do movemento *GNU*. O gurú do Software Libre destacou que por fin había un premio que valorara e premiara ás iniciativas baseadas en compartir coñecemento no eido das TIC. Moi ledo e bromista como sempre, recolleu este premio ben merecido e aplaudido por todos os asistentes.

3.8. **Asistencia á xornada de traballo “IDABC OSS Event 2007”**

Nesta xornada, a representación da Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia puido explicar brevemente os piares sobre os que se basea a iniciativa de

Mancomun.org e o PEGSI¹³ aprobado recentemente no Parlamento galego, ambos proxectos de promoción, difusión e implantación do Software Libre na Administración e na sociedade galega.

3.9. Asistencia no stand dos grupos galegos de Software Libre

Durante o evento, os representantes dos grupos alí presentes, decidimos coordinar a asistencia ás conferencias para que sempre quedara alguén no stand. Estableceuse un horario e non houbo inconveniente en cumprilo. Mención especial para a xente do grupo de Inestable que estivo a ampla maioría do tempo e permitiunos ao resto dos grupos asistir ás actividades que máis nos interesaban.

No stand ofreceuse información das políticas desenvolvidas pola Xunta de Galicia en materia de Software Libre e contrastouse coas aportazóns das persoas que se presentaban no stand explicando o que os seus gobernos facían. Foi moi enriquecedor e de moita valía para sacar unha conclusión: ten que haber unha posición clara por parte dos gobernantes de apoio institucional para poder levar adiante políticas baseadas no emprego de Software Libre nos diferentes ámbitos da sociedade.

Ademais entregáronse CD-ROMs de OpenOffice, trípticos de Mancomun.org e dos grupos, adhesivos, carteis e diverso merchandising que fixo as delicias da xente curiosa por coñecer o movemento asociativo galego.

Tamén fíxose unha entrevista para o informativo eBlog TV¹⁴

13 Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información

14 http://www.eblogtv.es/index.php?option=com_content&task=view&id=406&Itemid=34

4. Orzamento liquidado

Gastos realizados

Concepto	Importe
Aluguer vehículo	130,00 €
Aluguer hotel	170,00 €
Peaxes	50,00 €
Combustible	46,00 €
Comidas e cenas	120,00 €
TOTAL	516,00 €